

Eladio León Gulías, con domicilio na rúa do Freixo, 9, 3ªA, 15703 Santiago de Compostela;
e con DNI 44394115D,



INTERPOÑO RECURSO



Contra a resolución ditada polo reitor da Universidade de Santiago de Compostela o día 8 de setembro de 2024, pola que nomea profesor titular de Química Inorgánica a don Emilio Valdés Miranda.



FEITOS



- 1 O 11 de xuño de 2022 presentei unha solicitude ó concurso de méritos convocado o 7 do mesmo mes.
- 2 Nela incluía como mérito que durante os tres últimos cursos impartín cada ano unhas 80 horas de prácticas de laboratorio.
- 3 O tribunal que xulgou o concurso decidiu que ese mérito non se debía incluír na categoría de “Postos docentes desempeñados” e incluíuno en “Outros méritos”, rebaixando así a súa relevancia no conxunto da solicitude.
- 4 Nos concursos que xulgaban outras prazas, a docencia de prácticas foi incluída polo tribunal en “Postos docentes desempeñados”.

Por isto, SOLICITO:



Que se volva realizar o concurso de méritos para dotar a praza de profesor titular de Química Inorgánica, incluíndo a docencia de prácticas de laboratorio na categoría de “Postos docentes desempeñados”.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2024

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA